O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Solemnidade de Todos os Santos
O amor de Deus ten a primeira e a última palabra
1 de novembro de 2026

Queridos irmáns e irmás:

Ao celebrar a solemnidade de Todos os Santos, lembramos ás persoas que nos axudaron a crer e a vivir a fe, nos ensinaron a orar, nos coidaron con paciencia ou mantiveron a esperanza en días difíciles. Nas súas vidas recoñecemos as pegadas da bondade de Deus. O seu recordo achéganos a esa multitude de santos que a Igrexa celebra e nos anima a seguir os seus pasos polo camiño do Evanxeo. Eles son "o rostro máis fermoso da Igrexa" (Francisco, *Gaudete et exsultate*, 9).

A santidade é a nosa vocación fundante (cf. LG 32). Todos os bautizados estamos "chamados á plenitude da vida cristiá e á perfección da caridade" (LG 40). A Palabra de Deus móstranos de onde nace esta chamada: "Vede o moito que nos quixo o Pai, para nos chamarmos fillos de Deus e sérmolo de verdade" (1 Xn 3,1). Todo comeza nese amor que nos precede e nos sostén. Desde o noso bautismo, o Señor invítanos a crecer na súa amizade e a deixar que a súa graza transforme a nosa vida. Podemos responderlle en cada idade e circunstancia, tamén no medio das nosas fraxilidades e despois das nosas caídas.

Este ano temos un motivo engadido para dar grazas a Deus. O vindeiro 7 de novembro será beatificado en Santander, xunto con outros 79 mártires, Luis Mosquera Caramelo. Naceu na Coruña en 1900 e recibiu o bautismo na parroquia de San Xurxo. Esposo, pai de cinco fillos e primeiro xuíz español que será declarado beato, a súa vida móstranos como a fe recibida no bautismo pode arraigar nas decisións de cada día e dar froito no servizo aos demais.

Na súa familia e no seu traballo como xuíz atopou o lugar onde seguir a Xesucristo. A súa preocupación pola dignidade dos presos expresa unha fe que se traduce en xustiza e en coidado das persoas. Ao coñecer a súa historia, resoan aquelas palabras de Xesús: "Ditosos os famentos e sedentos de xustiza, porque eles ficarán fartos" (Mt 5,6). Tamén hoxe necesitamos cristiáns que vivan a súa profesión e as súas responsabilidades con esa honradez e valentía, atentos a quen máis necesitan que se respecten os seus dereitos e a súa dignidade.

A súa fidelidade a Cristo culminou no martirio, en Santander, o 27 de decembro de 1936, no contexto doloroso da Guerra Civil. Ao celebrar a súa beatificación e a dos seus compañeiros, queremos acoller o seu testemuño como unha chamada á reconciliación. Ante as feridas daquela traxedia, que alcanzaron a tantas familias, inclinámonos con respecto ante o sufrimento de todas as vítimas e pedimos ao Señor que nos axude a sandar a memoria, desterrar o rancor e afianzar unha convivencia pacífica. A memoria dos mártires comprométenos a perdoar e a traballar por unha paz na que todos poidan recoñecerse irmáns, porque mártir cristián é o que morre como Cristo, con fe e esperanza (cf. Lc 23, 46) e con caridade, entendida como perdón (Lc 23, 34: "Meu Pai, perdóaos, porque eles non saben o que fan!").

Esa paz constrúese tamén nas nosas relacións máis próximas. Xesús chama ditosos a quen traballa por ela (cf. Mt 5,9). Facémolo cando escoitamos a quen pensa doutro xeito, renunciamos a unha palabra ferinte ou damos o primeiro paso para recuperar unha relación rota. San Paulo fainos unha recomendación esixente e luminosa: "Non te deixes vencer polo mal, senón vence o mal a forza de ben" (Rom 12,21). Pidamos a graza de facela vida, especialmente cando unha ofensa ou unha incomprensión nos empuxe a responder con dureza.

Este xeito de vivir ten consecuencias no exercicio das nosas responsabilidades persoais e sociais. Durante a súa recente viaxe a España, León XIV lembrou no seu discurso ante o Parlamento que "a autoridade leva sempre consigo unha responsabilidade" (8 de xuño de 2026). Á luz do testemuño de Luis Mosquera, estas palabras nos invitan a preguntarnos como servimos aos demais desde o lugar que ocupamos. No fogar, a escola, o traballo, a comunidade cristiá ou a vida pública preséntansenos oportunidades diarias para protexer ao débil, actuar con xustiza e sementar paz.

Invítovos a dar un paso concreto neste camiño de santidade. Quizais haxa alguén que necesita o noso tempo, unha persoa a quen debamos pedir perdón ou unha obriga que habemos de atender mellor. Para responder necesitamos volver ao Señor: escoitar a súa Palabra, alimentarnos da Eucaristía e acoller a súa misericordia no sacramento da reconciliación. El levántanos cando caemos e renova a nosa capacidade de amar.

Nestes días confiamos tamén aos nosos defuntos ao abrazo do Pai. A comuñón dos santos sostén a nosa esperanza: en Cristo seguimos unidos a quen nos precedeu e camiñamos cara á plenitude da vida que El nos prometeu. Que María, Raíña dos Mártires, e Santiago o Maior, o primeiro entre os apóstolos en dar a vida por Cristo, nos alenten a ser testemuñas fieis da fe recibida. E que a próxima beatificación de Luis Mosquera Caramelo nos anime a vivir o Evanxeo con alegría e a construír fraternidade alí onde Deus nos envía.

+ Fco. J. Prieto

✠ Francisco José Prieto Fernández
Arcebispo de Santiago de Compostela